

Proxecto Lingüístico

IES Chapela

2021-2025

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización	2
2. Equilibrio nas linguas vehiculares de materias e módulos	4
2.1. Educación Secundaria Obrigatoria	4
2.2. Bacharelato	6
2.3. Familia Profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade	7
2.4. Familia Profesional de Sanidade	9
3. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten	12
4. O fomento da lingua galega no centro	13
4.1. Necesidades e obxectivos	13
4.2. Metodoloxía de traballo	15
5. Currículo integrado das linguas	16

1. Introducción e contextualización.

En cumprimento dos artigos 7, 8, 9 e 14 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o IES Chapela elaborou o presente Proxecto Lingüístico que será de aplicación entre os cursos 2017/2018 e 2020/21 sen prexuízo das modificacións anuais establecidas no artigo 14.4. do devandito Decreto.

O IES Chapela atópase en Chapela, localidade de Pontevedra con 7672 habitantes; é a poboación mariñeira máis grande do concello de Redondela [29.918 habitantes], á vez que é continuidade do tecido urbano do municipio de Vigo [296.479 habitantes]. O alumnado provén de familias con ingresos económicos medios-baixos e presenta dúas tipoloxías moi diferentes:

- *Alumnado de ESO e Bacharelato que provén da parroquia de Chapela.*
- *Alumnado de FP que provén de toda a provincia de Pontevedra.*

Nos últimos catro anos aumentou o número de alumnado procedente doutros centros e do estranxeiro. Para este último, que coñece o castelán, pero descoñece a lingua galega recolleemos no Plan de Atención á Diversidade unha medida específica. O IES Chapela imparte ESO, Bacharelato e Ciclos Medios e Superiores de FP [Sanidade / Servizos Socioculturais á Comunidade] e para coñecer a situación real do galego no Centro o EDLG realizou unha enquisa dirixida a toda a comunidade escolar da que concluímos:

CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

- En Chapela emprégase o galego na vida cotiá e nas situacións informais, pero as familias empregan máis o castelán nas relacións fóra da casa. No Centro hai un intento das familias entrevistadas de dirixirse a nós en galego, cando así o facemos.
- O Concello emprega o galego para comunicarse coa cidadanía aínda que moitos membros da corporación e funcionariado se expresan en castelán.
- As entidades asociativas do contorno empregan a lingua de xeito dispar, as veciñais e culturais o galego, as deportivas máis o castelán.

SITUACIÓN DO PROFESORADO

- Entre o profesorado hai falantes habituais en galego e castelán.
- O nivel de capacitación para empregar o galego na actividade docente é elevado.
- Detéctase que o uso das TIC se realiza maioritariamente na versión castelán do software, aínda que esta situación estase a reverter.
- As actitudes do profesorado cara ao galego e á súa normalización son positivas.

SITUACIÓN DO ALUMNADO

- A grande maioría (86%) emprega na vida cotiá o castelán ou máis castelán que galego. As persoas que empregan habitualmente só o galego son un 6% entre o alumnado de FP e un 0% (ninguén) entre o alumnado da ESO e Bacharelato.
- Estase a producir unha importante ruptura na transmisión do galego, xa que as xeracións anteriores o usan en maior medida (falan maioritariamente en galego un 28% das nais, un 41% dos pais e un 67% das avoas e avós do alumnado). Esta ruptura é máis acentuada nas alumnas.
- Pese a que se sente competente no uso da lingua, na súa vida privada ten moi escasa presenza tanto nas actividades de lecer (música, radio, TV), como nas relacións de amizade.
- Recoñece a desigualdade na que vive o idioma galego con respecto ao castelán e é favorable a arbitrar medidas para a súa promoción por parte das administracións.

SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

- A presenza do galego no Centro con respecto á documentación administrativa, rotulado, ou circulares é case total.
- No 41.6% das materias que se imparten no centro emprégase como lingua vehicular o galego.
- Faise uso do galego nas comunicacións escritas co alumnado, familias e outras institucións, pero nas comunicacións orais tamén está presente o castelán.
- O emprego do galego nas interaccións do profesorado co alumnado en contextos informais é equilibrado co castelán.
- O persoal non docente emprega máis o castelán que o galego.
- A ANPA emprega maioritariamente o galego.
- Nas actividades extraescolares a utilización do galego é maioritaria.
- A dotación de fondos en galego na biblioteca é abundante.
- O equipamento informático do Centro é maioritario na versión castelá.

2. Equilibrio nas linguas vehiculares de materias e módulos.

O Decreto 79/2010 establece nos seus artigos 7.4, 8 e 9 a necesidade dunha oferta equilibrada de materias e módulos en lingua galega e lingua castelá nos niveis de ESO, Bacharelato e FP. Ademais establece no artigo 7.3 a obriga de impartir determinadas materias en determinadas linguas na Educación Secundaria Obrigatoria.

Nas táboas que seguen aparecen **sombreadas** as materias do artigo 7.3. (lingua vehicular predeterminada polo Decreto) e aparecen en **grosa** as materias non optativas, cursadas por todo o alumnado.

O presente Proxecto Lingüístico establece, para as materias non sombreadas, a lingua vehicular indicada nas seguintes táboas:

2.1. Educación Secundaria Obrigatoria

1º ESO				
MATERIA	Galego	Castelán	Inglés	Francés
Galego	4			
Xeog e Hª	3			
Bio e Xeol	4			
Castelán		4		
Matemáticas		5		
Inglés			3	
Francés				2
E. Física	2			
Plástica		2		
Relixión / VE	1			
M. LC.	1			
	15	11	3	2

2º ESO*				
MATERIA	Galego	Castelán	Inglés	Francés
Galego	3			
Xeog e Hª	3			
Castelán		3		
Matemáticas		5		
Tecnoloxía		3		
F. & Q.		3		
Inglés			3	
Francés				2
E. Física	2			
Música	2			
Relixión / VE	1			
M. LC.	1			
	12	14	3	2

3º ESO*				
<i>MATERIA</i>	<i>Galego</i>	<i>Castelán</i>	<i>Inglés</i>	<i>Francés</i>
Galego	3			
Xeog e H^a	3			
Bio e Xeol	2			
Castelán		3		
Matemáticas		4		
Tecnoloxía		2		
F. & Q.		2		
Inglés			3	
<i>Francés</i>				2
<i>C. Clásica</i>	2			
E. Física	2			
Música	2			
Plástica		2		
Relixión / VE	1			
	13 ou 15	13	3	2

4º ESO				
<i>MATERIA</i>	<i>Galego</i>	<i>Castelán</i>	<i>Inglés</i>	<i>Francés</i>
Galego	3			
Xeog e H^a	3			
Castelán		3		
Matemáticas <small>(AC-AP)</small>		4		
Inglés			3	
<i>Francés</i>				3
<i>Bio e Xeol</i>	3			
<i>F. & Q.</i>		3		
<i>TIC's</i>		3		
E. Física	2			
<i>Economía</i>	3			
<i>Música</i>	3			
<i>AED</i>	3			
<i>Plástica</i>		3		
<i>Latín</i>		3		
<i>C. Científica</i>	3			
Relixión / VE	1			

* Nos Programas de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento correspondentes a estes niveis empregaranse dentro de cada ámbito as linguas vehiculares indicadas nas táboas para as materias dese ámbito na proporción correspondente.

2.2. Bacharelato

1º BACHARELATO				
MATERIA	Galego	Castelán	Inglés	Frances
Galego	3			
Castelán		3		
Inglés			3	
<i>Francés I</i>				2
Filosofía	3			
E. Física	2			
<i>Matemáticas</i>	4			
<i>M. Aplicadas</i>		4		
<i>Física</i>		4		
<i>TIC</i>	2			
<i>D. Técnico</i>		4		
<i>Biología</i>	4			
<i>Anatomía</i>		3		
<i>Literatura Univ.</i>		4		
<i>Latín I</i>	4			
<i>Grego I</i>	4			
<i>Hª M. C.</i>	4			
<i>Economía</i>	4			
<i>LP Musical</i>	3			
<i>Relixión</i>	1			
<i>M. LC.</i>	1			

2º BACH				
MATERIA	Galego	Castelán	Inglés	Frances
Galego	3			
Castelán		3		
Inglés			3	
<i>Francés II</i>				3
Hª España	3			
<i>Matemáticas</i>	4			
<i>M. Aplicadas</i>	4			
<i>Física</i>		4		
<i>TIC II</i>	3			
<i>Química</i>		4		
<i>D. Técnico</i>		4		
<i>Biología</i>	4			
<i>Xeoloxía</i>	4			
<i>Hª Filosofía</i>	3			
<i>Latín II</i>		4		
<i>Grego II</i>	4			
<i>Hª Arte</i>	4			
<i>Xeografía</i>	4			
<i>Economía</i>	4			
<i>Admon e X.</i>	3			
<i>Psicoloxía</i>	3			
<i>Relixión</i>	1			
<i>M. LC.</i>	1			

2.3. Familia Profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade.

Debe terse en conta que non existen publicados libros de texto en lingua galega para ningún dos módulos indicados. Polo tanto o alumnado que reciba un módulo en lingua galega terá, en moitos casos, o material didáctico en castelán.

1º CS EDUCACIÓN INFANTIL - OFERTA ORDINARIA		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
D. Cognitivo	8	
Didáctica da E. I.		9
FOL		4
Xogo		7
Expresión	8	
TOTAL	16	20

2º CS EDUCACIÓN INFANTIL - OFERTA ORDINARIA		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
Autonomía		9
EIE		3
1º Auxilios		3
HHSS	7	
Familias	7	
D. Socioafectivo	7	
TOTAL	21	15

1º CM APSD - OFERTA ORDINARIA		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
Características		6
Psicosocial	9	
FOL		4
Apoio Domiciliario	9	
Atención Sanitaria		8
TOTAL	18	18

2º CM APSD - OFERTA ORDINARIA		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
Destrezas Sociais	7	
Organización	7	
Teleasistencia		6
Comunicación	5	
Primeiros Auxilios		3
EIE		3
Hixiene		5
TOTAL	19	17

HORARIO 1. CFGS EI. - OFERTA MODULAR		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
Autonomía	6	
Xogo		7
Primeiros Auxilios		2
Cognitivo		8
Socioafectivo	4	
EIE	2	
TOTAL	12	17

HORARIO 2. CFGS EI. - OFERTA MODULAR		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
Expresión	8	
Familias		4
Didáctica	9	
HHSS		4
FOL		4
TOTAL	17	12

CFGS INTEGRACIÓN SOCIAL - OFERTA MODULAR		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
Promoción da autonomía		8
Inserción Sociolaboral		8
Metodoloxía	5	
Contexto	5	
FOL		4
Apoio Unidades Conviv.	6	
HHSS		4
Primeiros Auxilios	2	
Mediación Comunitaria		5
Apoio Interv. Educativa	4	
Sist. Aumentativos		5
EIE		2
Proxecto	2	
FCT	3	
TOTAL	27	36

HORARIO 1. CFGM APSD - OFERTA MODULAR		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
Apoio domiciliario	9	
Psicosocial		9
Atención Sanitaria		8
EIE	2	
TOTAL	11	17

HORARIO 2. CFGM APSD - OFERTA MODULAR		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
Organización		4
Características	6	
Destrezas	4	
Teleasistencia		4
Apoio á Comunicación		3
FOL		4
Primeiros Auxilios	2	
Atención Hixiénica	3	
TOTAL	15	15

2.4. Familia Profesional de Sanidade.

1º CS DOCUMENTACIÓN SANITARIA - OFERTA ORDINARIA		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
TERMINOLOXÍA	8	
EXTRACCIÓN		6
ATENCIÓN PSICOSOCIAL		4
OFIMÁTICA	9	
ARQUIVOS E DOCUMENTACIÓN		5
FOL	4	
TOTAL	21	15

2º CS DOCUMENTACIÓN SANITARIA - OFERTA ORDINARIA		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
VALIDACIÓN	7	
XESTIÓN ADMINISTRATIVA		7
XESTIÓN DE PACIENTES		3
CODIFICACIÓN	11	5
SIS		
EIE	3	
TOTAL	21	15

1º CS DIETÉTICA - OFERTA ORDINARIA		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
FISIOPATOLOXÍA		8
ALIMENTACIÓN EQUILIBRADA	13	
ORGANIZACIÓN E XESTIÓN	3	
CONTROL ALIMENTARIO		10
FOL	2	
RCT	2	
TOTAL	20	18

2º CS DIETÉTICA - OFERTA ORDINARIA		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
DIETOTERAPIA	12	
MICROBIOLOXÍA		12
PROXECTO	5	
EDUCACIÓN SANITARIA		7
TOTAL	17	19

1º CM FARMACIA - OFERTA ORDINARIA		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
ANATOMÍA	4	
FORMULACIÓN MAXISTRAL		7
OPERACIÓNS BÁSICAS DE LABORATORIO	9	
DISPOSICIÓN E VENTA		4
DISPENSACIÓN DE PRODUCTOS FARMACÉUTICOS	8	
FOL		4
TOTAL	21	15

2º CM FARMACIA - OFERTA ORDINARIA		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
PROMOCIÓN DA SAÚDE		9
DISPENSACIÓN DE PRODUTOS PARAFARMACÉUTICOS		12
OFICINA DE FARMACIA	9	
EIE	3	
PRIMEIROS AUXILIOS	3	
TOTAL	15	21

CM FARMACIA - OFERTA MODULAR		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
ANATOMÍA		4
FORMULACIÓN MAXISTRAL	7	
OPERACIÓNS BÁSICAS DE LABORATORIO	9	
DISPOSICIÓN E VENTA		4
DISPENSACIÓN DE PRODUCTOS FARMACÉUTICOS	8	
FOL	4	
PROMOCIÓN DA SAÚDE		6
DISPENSACIÓN DE PRODUTOS PARAFARMACÉUTICOS		8
OFICINA DE FARMACIA		6
EIE	2	
PRIMEIROS AUXILIOS		2
TOTAL	30	30

CS DIETÉTICA - OFERTA MODULAR		
<i>Módulo</i>	<i>Galego (sesións)</i>	<i>Castelán (sesións)</i>
FISIOPATOLOXÍA		8
ALIMENTACIÓN EQUILIBRADA	11	
ORGANIZACIÓN E XESTIÓN	4	
CONTROL ALIMENTARIO	9	
FOL	2	
RCT	2	
DIETOTERAPIA		8
MICROBIOLOXÍA		8
PROXECTO	3	
EDUCACIÓN SANITARIA		5
TOTAL	31	29

3. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten

PROGRAMA DE APOIO PARA O ENSINO-APRENDIZAXE DO GALEGO

O IES de Chapela ten deseñado un programa para facilitar ao alumnado inmigrante (castelán falante) a aprendizaxe do galego. Aínda que cun bo grao de comprensión oral en galego, amosan dificultades na expresión oral e escrita. A súa exención na materia non impide levar adiante programas específicos personalizados relacionados coa aprendizaxe da lingua. A selección e organización das actividades parte do Departamento de Galego, e contará co apoio do equipo docente e do EDLG.

Cada alumna ou alumno será atendido de maneira individualizada, xa que non todos chegan co mesmo coñecemento do galego nin gozan da mesma situación sociolingüística no ámbito familiar.

Despois desa avaliación inicial individualizada establécese o seguinte protocolo:

1. Chegada afectiva. No caso de acabar de chegar, téntase que se integre no grupo, a poder ser en galego. Para isto establecerase un sistema de alumnado-titor (que irá cambiando regularmente) que o vaia introducindo na lingua ao longo de toda a mañá. Desde o Departamento de Lingua e Literatura Galega farase o seguimento desa titorización dunha maneira lúdica e, no caso de que se detecte que non se está a producir, relevarase ao alumnado titor. Este será o procedemento durante as primeiras semanas.
2. Dúvidas xerais. Durante este mesmo período atenderase o alumno ou alumna desde o Departamento de Lingua e Literatura Galega nas dúvidas máis xerais que poida ter respecto da lingua. Iranse mandando facer pequenos exercicios escritos e tamén orais para que se vaia introducindo no uso da lingua.
3. Recomendaránselle lecturas sinxelas.
4. Pasadas as primeiras semanas ofreceránselle a este alumnado material máis sistemático de lingua: manuais con exercicios, xa sexa en papel como on-line. Ademais establecerase un sistema de titorías no Departamento de Lingua e Literatura Galega para facer un seguimento do avance con eses materiais.

LINGUA VEHICULAR DA MATERIA *REFORZO DE LINGUA EN 1º E 2º ESO*

A lexislación educativa recolle que o alumnado de 1º e 2º ESO que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de

segunda lingua estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo na área lingüística.

Tendo en conta o desequilibrio existente entre o dominio da lingua galega e o da lingua castelá entre este alumnado, o devandito reforzo será impartido en galego.

4. O fomento da lingua galega no centro.

Tal como establece o artigo 15 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no IES de Chapela está constituído un Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) que desenvolve as funcións establecidas no devandito artigo.

O citado EDLG, en base á análise do contexto sociolingüístico do Centro, ten detectadas unha serie de necesidades e tense proposto uns obxectivos para cada un dos sectores que compoñen a comunidade educativa do IES de Chapela. Así mesmo creou unha metodoloxía de traballo para levar a cabo o seu labor, que desenvolvemos a continuación.

4.1 NECESIDADES E OBXECTIVOS

4.1.1 Contorno

Necesidades

É preciso sensibilizar á sociedade de Chapela da terrible perda que se está a producir co abandono acelerado do galego (en dúas xeracións pásase do 57% de uso maioritario do galego a un 5%). Para iso colaboraremos co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Redondela achegándonos ás distintas asociacións da parroquia (veciñais, culturais, deportivas) para promover o uso activo da nosa lingua nas súas actividades.

Obxectivos

- Ser consciente do descenso dramático que se produciu no uso do galego nos últimos anos.
- Asociar a lingua galega con eventos nos que é pouco frecuente.
- Participar en accións a prol do uso do galego promovidas desde o noso EDLG que permitan unha identificación colectiva da parroquia co uso orgulloso e a promoción da nosa lingua.

4.1.2 Profesorado

Necesidades

Debemos facer consciente ao profesorado do seu importante papel normalizador. O baixo uso do galego entre o alumnado e o pouco contacto con el fóra das aulas dálle unha gran relevancia ao uso que se faga da lingua no Centro. Para moito alumnado é o único lugar no que o escoitan con normalidade dun xeito formal. É tamén preciso informar e formar ao profesorado no manexo de software en galego e promover a creación de material didáctico na nosa lingua.

Obxectivos

- Tomar conciencia da relevancia que ten a lingua que empregue na aula para a formación do alumnado e para o futuro do idioma .
- Usar a nosa lingua co alumnado e dotar a este do vocabulario galego específico da súa área de coñecemento.
- Crear produtos culturais -orais, escritos e audiovisuais- na nosa lingua.
- Utilizar software informático en galego nas aulas.
- Participar nas accións que desenvolva o EDLG do Centro.

4.1.3 Alumnado

Necesidades

É preciso facer consciente ao alumnado do seu papel fundamental na transmisión da nosa lingua no futuro. Trataremos de que incremente o seu contacto co galego no ámbito do lecer e cultural e tamén nas redes sociais. Tamén observamos que o alumnado usa maioritariamente software en versión castelá e vemos necesario que dea o paso a usar a versión galega dos produtos informáticos.

Obxectivos

O noso proxecto contribuirá a que o alumnado do IES de Chapela sexa quen de:

- Interiorizar a importancia histórica do seu abandono do galego para reverter esta situación.
- Animarse, como alumnado maioritariamente castelán falante que é, a dar o paso a expresarse nunha lingua que coñece, aprecia, pero na que non se comunica oralmente salvo en contextos altamente formalizados como pode ser o escolar.
- Coñecer a actual produción musical en galego en todos os estilos.
- Crear e participar en produtos culturais -orais, escritos e audiovisuais- en galego.
- Utilizar software informático en galego.

- Poñer en valor a validez e utilidade da nosa lingua en calquera ámbito en pé de igualdade coas outras linguas.
- Coñecer as festas do ciclo do ano e formas de lecer tradicional relacionando a súa celebración co uso da lingua galega.
- Coñecer e valorar a produción artística e literaria en galego, tanto a histórica como a actual.

4.1.4 Centro

Necesidades

É preciso sensibilizar á comunidade educativa da necesidade de implantar software en galego nos ordenadores do Centro. Do mesmo xeito, precísase trasladar á comunidade educativa a importancia que ten o uso do galego no noso centro educativo nun contorno como o de Chapela no que a mocidade se expresa nun 46% só en castelán e nun 48% máis en galego que en castelán.

Obxectivos

O presente proxecto contribuirá a que a comunidade educativa do noso IES sexa quen de:

- Coñecer o contacto real que ten co galego toda a comunidade educativa e as súas opinións lingüísticas.
- Instalar e empregar a versión galega de software informático nos equipos do Centro.
- Dotar de recursos lingüísticos e informáticos para o traballo en galego aos ordenadores do Centro.
- Empregar a lingua galega na atención ao público (conserxería, secretaría, cafetería).
- Implicar aos membros da ANPA no desenvolvemento de actividades socioculturais do Centro educativo que incidan no uso da lingua.

4.2 METODOLOXÍA DE TRABALLO

A metodoloxía de traballo do EDLG do IES de Chapela parte do carácter aberto das súas xuntanzas, nas que se promove a participación de toda a comunidade educativa. Cada curso deséñanse as actividades a partir dunha convocatoria aberta para a creación de diferentes grupos de traballo convertendo deste xeito o EDLG nunha oportunidade para iniciar un traballo en equipo entre diferentes membros da comunidade educativa. Nos grupos formados traballan conxuntamente profesorado de diferentes departamentos, tanto de FP como de Secundaria, alumnado de todos os niveis educativos e persoal non docente. A metodoloxía baséase no traballo colaborativo e na creatividade participativa, facendo tamén especial fincapé no uso das novas tecnoloxías. Os grupos de traballo reúnense cunha

periodicidade semanal no tempo de recreo para deseñar e executar as diferentes actividades que propoñan, coa intención de acadar algúns dos obxectivos antes descritos. O EDLG no seu conxunto mantén reunións trimestrais para facer un seguimento e avaliación das accións desenvolvidas.

Aínda que os grupos varían en cada curso en función das actividades propostas, descríbese a continuación a actividade dos principais grupos de traballo:

Grupo de traballo para a redacción da revista *O Berete*

O EDLG e o grupo de traballo da biblioteca traballan na edición periódica dun boletín, de nome ***O Berete***, no que se dan a coñecer as actividades que realizan ambos os dous grupos e no que se promove a participación do alumnado con achegas literarias ou artísticas e con entrevistas sobre asuntos de actualidade ou relacionados coa actividade do centro. Esta revista distribúese en versión impresa entre o alumnado de 1º e 2º ESO, e en versión dixital para o resto da comunidade educativa.

Grupo de traballo da promoción da *ciencia en galego*.

Ten como obxectivo a organización dun programa de actos ao redor do Día da Ciencia en Galego (4 de novembro) con actividades e conferencias para poñer en valor a lingua galega como lingua científica.

Grupo de traballo para a realización dunha *ficción audiovisual*.

Traballa para a gravación de audiovisuais de promoción da nosa lingua entre a mocidade.

Grupo de traballo de *concurso de videoclips musicais*.

Ten como obxectivo a organización dun concurso de videoclips de música galega de todos os xéneros para divulgala entre a comunidade educativa do instituto promovendo recursos de ocio na nosa lingua.

Grupo de traballo de elaboración de murais

Ten como obxectivo a promoción de figuras senlleiras das letras galegas. Coa persoa escollida realízase un mural e organízase un recitado colectivo da súa obra na que participan representantes de toda a comunidade educativa.

Ademais destes grupos de traballo, propónse a utilización do galego, na medida do posible, nos actos públicos e na organización de actividades extraescolares e complementarias que leven a cabo tanto o centro como entidades ou asociacións colaboradoras.

5. Currículo integrado das linguas.

Co obxectivo de avanzar cara o currículo integrado das linguas, en cada un dos niveis educativos da ESO e Bacharelato existirá unha coordinación entre os departamentos de Lingua e Literatura Galega, Lingua e Literatura Castelá, Inglés e Francés. Esta coordinación referirase á impartición de contidos de comunicación, morfoloxía, sintaxe, tipoloxía textual e comentario de textos.